



Detalle trámite

Solicitud de inscripción para as accións formativas do programa de salvamento e socorrismo acuático



INICIAR TRÁMITE
(On Line)

Descrición

Permite presentar electronicamente unha solicitude de inscrición para as accións formativas do programa de salvamento e socorrismo acuático.

Accións formativas:

- > Socorrismo en espazos acuáticos naturais: febreiro 2021
- > Socorrismo e instalacións acuáticas: setembro 2021

A inscrición realizarase nunha única solicitude para participar nas dúas accións formativas, obtendo así a dobre titulación, iniciándose en primeiro lugar a formación en socorrismo en espazos acuáticos naturais de xeito que as prácticas sexan coincidentes coa tempada de praias do ano en curso coa posterior incorporación, ao remate das mesmas, á formación en instalacións acuáticas.

Quen pode presentar unha solicitude

Calquera persoa física que cumpra os requisitos:

- > Estar inscritas na Oficina de Emprego que lle corresponda e coa tarxeta de demandante de emprego vixente á data do prazo de inscrición.
- > Ter cumpridos os 18 anos de idade no momento da inscrición.
- > Estar empadroadado/a en algún dos concellos da provincia da Coruña, preferentemente con poboación inferior a 50.000 habitantes
- > Estar en posesión dos títulos ou certificados precisos para cursar a formación correspondente ao certificado de profesionalidade de nivel 2.
- > Carencia de afeccións crónicas e enfermidades infecto-contaxiosas.
- > Integridade física, resistencia, forza, destreza, coordinación visomotriz, axilidade, rapidez de reflexos.

Proba de natación

As persoas candidatas, no caso de superar as solicitudes o número de prazas de cada edición, terán que superar probas de natación. Para efectualas é necesario levar o día que se lles cite para as probas: **traxe de baño deportivo, gorro de piscina, gafas de natación, chancletas e toalla:**

- > Nadar 200 metros estilo libre nun tempo máximo de 4'15" (catro minutos 15 segundos) e realizar, sen impulso, 20 metros en apnea.

Como e onde facer o proceso



[Sedes electrónicas das E.E.L.L. da Coruña](#)



As miñas xestións



Portal de Transparencia



Taboleiro de anuncios



[Impresos xerais](#)

Outros Servizos

- > Solicitud de Cita Previa
- > Perfil do contratante
- > Entrada de Facturas Electrónicas
- > Sistema de Notificación Electrónica
- > Caixa de suxestións, queixas ou reclamacións
- > Actualidade
- > Verificación de documentos
- > Rexistro Electrónico Común

Preferentemente de forma telemática a través do botón "Iniciar trámite". Se o interesado non utiliza a vía telemática, pode descargar o impreso ou impresos dende esta páxina ou acudir ao rexistro do Concello, onde lle facilitarán o dito impreso/s normalizado/s para presentar.

Documentación

- > Formulario, declaración e compromiso debidamente cumprimentado e asinado
- > Certificado médico ou informe de saúde emitido por facultativo, que informe da capacidade físico_psíquica para o desempeño dun posto de traballo na actividade de salvamento e socorrismo acuático.

DOCUMENTACIÓN DIXITALIZADA A ACHEGAR NA DATA DA ENTREVISTA

- > Documento Nacional de Identidade (DNI) ou Número de Identificación de Estranxeiros (NIE) no seu caso.
- > Certificación emitida polo SEPE de estar inscrita como persoa desempregada.
- > Certificado ou Volante de empadramento.
- > Informe de Vida Laboral actualizado a data da inscrición ou Certificado negativo de alta no sistema de seguridade social.
- > Acreditación do nivel académico que permita o acceso a certificados de profesionalidade de nivel 2.

Normativa

- > Programa de Salvamento e Socorrismo Acuático
- > Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- > Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- > Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Máis información

Nome: Solicitud de inscrición para as accións formativas do programa de salvamento e socorrismo acuático.

Inicio do procedemento: A instancia de parte.

Tipo de interesado: Persoa física.

Canles de atención: Telemático (Iniciar trámite).

Presencial.



CONCELLO DE ORDES

Alfonso Senra, 108
15680 Ordes - A Coruña
Tlf. 981 680 002
Información: sede@ordes.gal
[Ir a Contacto](#)

ACCESOS DIRECTOS

- > Solicitud de Cita Previa
- > Sedes electrónicas das E.E.L.L. da Coruña
- > As miñas xestións
- > Portal de Transparencia
- > Impresos xerais
- > Calendario Oficial
- > Perfil do Contratante
- > Taboleiro de Anuncios
- > Buzón de Suxerencias, Queixas ou Reclamacións
- > Verificación de Documentos

ENLACES DE INTERESE

- > Concello de Ordes
- > Deputación da Coruña
- > Xunta de Galicia
- > Punto Acceso Xeral
- > BOP
- > DOG
- > BOE
- > eDNI
- > Validacións
- > FNMT
- > Oficina Virtual do Catastro